

Cos medicamentos xenéricos melloramos todos e todas.

Os medicamentos xenéricos son equivalentes aos seus orixinais de marca. Conteñen os mesmos principios activos, presentan a mesma forma farmacéutica, e teñen a mesma calidade, seguridade e eficacia.

Os medicamentos xenéricos son medicamentos de confianza, xa que teñen como referencia aos seus orixinais de marca que levan polo menos 10 anos no mercado, e polo tanto, a súa eficacia terapéutica está sobradamente demostrada.



Infórmate en
www.medicamentosgenericosefg.es

Medicamentos xenéricos Melloras ti. Melloramos todos e todas.



Teñen a mesma eficacia, calidade e seguridade.

Infórmate en
www.medicamentosgenericosefg.es

Medicamentos xenéricos.

Equivalente Farmacéutico Xenérico: EFG

Os medicamentos xenéricos son doados de identificar, dado que o nome que figura no envase incorpora sempre as siglas EFG (Equivalente Farmacéutico Xenérico).

Polo xeral, denomínanse polo nome do seu principio activo (composición), seguido do nome do laboratorio farmacéutico fabricante máis as siglas EFG.



Os medicamentos xenéricos son eficaces.

En relación co seu orixinal, un medicamento xenérico:

- Contén os mesmos principios activos.
- Presenta a mesma forma farmacéutica (comprimido, cápsula, pomada, etc.) e a mesma vía de administración (oral, inxectable, etc.).
- Cumpre cos mesmos requisitos de calidade.



Melloras ti.

Calidade dos medicamentos xenéricos

Os medicamentos xenéricos pasan polos mesmos controles de calidade cós medicamentos orixinais de marca. É dicir, cumpren con todos os requisitos para a súa autorización e cos controles posteriores á súa comercialización esixidos pola Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios, ao igual ca para o resto dos medicamentos de uso humano de fabricación industrial.



¿Por que se aforra cos medicamentos xenéricos?

Os medicamentos xenéricos teñen un prezo menor, dado que os custos de investigación do medicamento orixinal non se repercuten no seu prezo.

Este menor prezo fai que a súa utilización reporte un dobre aforro, por un lado ao Sistema Nacional de Saúde que o pode empregar noutros recursos sanitarios, e por outro, á propia cidadanía que ten que aboar un prezo menor.



Melloramos todos e todas.

Os medicamentos xenéricos son seguros

Ademais, os medicamentos xenéricos presentan a vantaxe dunha ampla experiencia de uso na práctica clínica, dado que os seus principios activos levan moito tempo no mercado.

Por todo iso, un medicamento xenérico é un medicamento:

- Eficaz.
- De confianza.
- De calidade.
- Seguro.
- Doado de identificar.
- Supón un aforro para o cidadán e para o Sistema Nacional de Saúde.



Cos medicamentos xenéricos contribuímos á mellora do noso sistema sanitario.

Os medicamentos xenéricos son seguros e ao utilízalos beneficiámonos todos e todas

Infórmate en
www.medicamentosgenericosefg.es



www.mpsi.es